



**Concello
de Vedra**

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

O departamento de Servizos Sociais segue estando operativo a través de vía telemática e telefónica no nº 981814693 e 699041486 e alcaldia@concellodevedra.com para prestar o mellor dos servizos a toda a comunidade.

MEDIDAS ESPECIAIS ADOPTADAS EN RELACIÓN Á PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS CON RESPECTO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF):

Debemos recordar que a situación de Estado de Alarma e de Emerxencia Sanitaria grave necesita da colaboración de tod@s as persoas e a comprensión de tod@s as familias, máxime nun servizo onde se atende a persoas **ESPECIALMENTE VULNERABLES E CONSIDERADAS DE ALTO RISCO**, onde é fundamental protexer a súa saúde, tanto dos dependentes e as súas familias como a das auxiliares. Temos que ser conscientes de que este persoal é imprescindible para garantir a atención de persoas que viven soas e sen rede de apoio familiar na contorna. Facemos un chamamento a toda a cidadanía apelando á responsabilidade e compromiso co mandamento das autoridades públicas a fin de minimizar na medida do posible a liña de contaxio nun colectivo de extrema vulnerabilidade e por ende na comunidade en xeral. Por iso o Concello de Vedra reorientará as prioridades do servizo de axuda no fogar atendendo aos seguintes criterios:

- **Suspensión temporal de acordo e a petición das familias-usuarias** daqueles casos nos que os servizos se limitaban unicamente á prestación de atención domésticas ou que contaban con rede de apoio familiar no domicilio ou na contorna que lle pode garantir as atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria. A tal efecto contactouse con ditos usuarios que viven ou contan con familia de apoio, para informarlles e advertirlles da gravidade da situación, apelando á responsabilidade das familias e en beneficio dos/as dependentes e informar, orientar e deixar claro que a decisión de suspender temporalmente é súa, sen descartar que se poidan adoptar outras decisións en calquera momento seguindo as ordes e instrucións específicas para o sector que veñan impostas polas distintas administracións competentes. Esta suspensión non vai afectar ao seu dereito ao servizo



**Concello
de Vedra**

-Limitaranse as intensidades do servizo no caso daqueles usuarios que contan con rede de apoio familiar en domicilio ou na súa contorna, de xeito que se lle continue garantindo as atencións de carácter persoal na realización das actividades da vida diaria.

- O SAF seguirase prestando con normalidade nos casos de persoas usuarias que viven sóas e non cotan con rede de apoio familiar na súa contorna así como aquelas situacións de urxencia valoradas polas técnicas de Servicos Sociais Comunitarios e seguindo as instrucións que poidan dictarse polas administracións competentes.

- Se algunha persoa usuaria do servizo presenta síntomas, deberase comunicar de forma inmediata a fin de valorar as medidas a adoptar.

Estas medidas están tomadas pensando no interese único, imprescindible e urxente de protección dos nosos maiores e dependentes, das nosas traballadoras e da nosa poboación en xeral seguindo as recomendacións facilitadas polas distintas administración e organismos competentes na materia.